



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) PARA ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN, DIFUSIÓN, PROMOCIÓN, CALIDADE E IMAXE DA XEOTERMIA EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Asociación Clúster da Xeotermia Galega (ACLUXEGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da sinatura e o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións da colaboración entre o Inega e ACLUXEGA para a realización de actividades relacionadas co fomento da xeotermia en Galicia durante o ano 2019 e asignar os recursos necesarios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no desenvolvemento dunha serie de actividades dentro da Estratexia Integral de Impulso da Enerxía Xeotérmica en Galicia 2015-2020 que son as seguintes:

- Realización e publicación da II Edición do Manual de Xeotermia.
- Xornadas, mesas redondas, seminarios, talleres...
- Edición e difusión de materiais formativos e informativos específicos.
- Outras actividades de difusión, feiras, foros, accións informativas nos medios...

O público destinatario de estas actuacións son os seguintes grupos:

Público especializado, colexios de enxeñeiros, arquitectos, construtores, promotores,...





Profesionais Instaladores de sistemas de climatización e promotores, arquitectos, enxeñeiros, construtores, como principais prescritores e decisores.

Os profesionais, xestores e persoal técnico das institucións públicas e privadas en cada localidade, especialmente responsables técnicos de urbanismo e edificación. (edificios administrativos, museos, piscinas, garderías, centros de día, ximnasios, etc).

Directores e profesionais técnicos e de mantemento de industrias agrícolas, hostalería, e outras industrias, que poidan beneficiarse dos sistemas xeotérmicos na optimización enerxética das súas unidades produtivas.

Público interesado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

